<b>Descrición do programa</b>	PROXECTO ESCOLAS UNESCO: Seguiremos n a líña de traballo de “DESPLASTIFÍCATE”, que está incluída no marcado polo Decenio Internacional da Auga polo Desenvolvemento Sostible do Decenio 2018-2028.		
<b>Obxectivos</b>	<p><b>Desenvolver os Obxectivos para o Desenrolo Sostible do planeta, enunciados nos ODS de UNESCO, onde tamén se enuncian a conservación do Patrimonio, a erradicación da pobreza,</b></p> <p><b>Este ano centrarémonos no obxectivo 4.7: DEREITOS HUMANOS, LIBERTADES FUNDAMENTAIS, TOLERANCIA, IGUALDADE DE XÉNERO, CULTURA DE PAZ, PROMOVER O DESENROLO E O ESTILO DE VIDA SOSTIBLES, ACCIÓN POLO CLIMA, VIDA SUBMARINA, E ALIANZAS PARA LOGRAR OS OBXECTIVOS.</b></p>		
<b>Cursos implicados</b>	Todo o centro		
<b>Temporalización</b>	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>
<b>Indicador</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Grao de participación do alumnado</li> <li>2. Grao de participación do profesorado</li> <li>3. Grao de participación da comunidade educativa</li> <li>4. Realización das actividades propostas</li> </ol>		
<b>Responsables</b>	Coordinadora do equipo UNESCO, coa colaboración dos demais equipos do colexio: Biblioteca, E-Twining, Dinamización da Língua Galega, TICS , Complementarias.		
<b>Actividades</b>	<p>ACTIVIDADES PREVISTAS AO LONGO DOS TRES TRIMESTRES ( pode surxir algún cambio ou modificación):</p> <p><b>PROPOSTAS PARA O PRIMEIRO TRIMESTRE</b></p> <p>-- Seguiremos levando un rexistro do plástico utilizado na merenda dos nenos, nos modelos de rexistro colocados detrás das portas das aulas.</p> <p>--Coidado e observación das casas para insectos que se colocaron no patio o curso</p>		

pasado.

-- Seguir co horto escolar preparando os bancais con turba e abono para que se poida empezar outra vez a plantación das diversas semillas que se escollan.

### **PROPOSTAS PARA O SEGUNDO TRIMESTRE**

--Seguir completando o mapa dos movementos migratorios que están na historia do noso alumnado e as súas familias, que se comenzara en memoria de Florencio Delgado.

--Fálame da emigración, encontros experienciais, 2º e 3º de primaria ( de balde ). Participan persoas maiores como voluntarias.

-- Elaboracion doutra amiga de Plastiquina propia do noso centro que sería referente para o alumnado, con temáticas relacionadas co desenvolvemento sostible e os obxectivos vinculados a UNESCO. Xa que a que a que fixemos o ano pasado, que se chama Lúa, gustou tanto no Encontro de Escolas Unesco de Andorra-Teruel (o ano pasado) que en outubro sairá do noso centro destino ao CEIP de Denia para seguir o seu percorrido polas demais escolas.

Iránnos informando por onde está e que actividades se están a desenvolver en relación ao coidado do planeta.

-- Montar no patio unha estrutura metálica con forma divertida para que os nenos depositen os plásticos que levan na merenda. O obxectivo sería conseguir que estivese o menos cheo posible.

### **PROPOSTAS PARA O TERCEIRO TRIMESTRE**

--Darémolle un novo enfoque ao un museo do absurdo: Recollida de plásticos polo centro e a contorna para visualizar e para concienciar o absurdo que é o uso excesivo de plástico.

--Creación dun robot comeplásticos: Por un lado entra o plástico e polo outro sae convertido en obra de arte.

### **PROPOSTAS DE DATAS DE CELEBRACIÓNS E ACTIVIDADES:**

#### **PRIMEIRO TRIMESTRE:**

--17 de Outubro: Día Internacional para a erradicación da pobreza.

--24 de Outubro: Día das Bibliotecas Escolares.

--31 de outubro: Día do Ensino. *Diversas actividades plásticas para recoñecer a labor docente e a importancia de que todos os nenos e nenas poidan acceder a unha educación de calidade.*

--16 de Novembro: 50 Aniversario da Convección do Patrimonio Mundial, Cultural e Natural.

Concurso fotográfico do monumento escollido, con fotografías creativas seguindo un cadro temporal para visualizar o presente, pasado e futuro. As fotos escollidas levaríanse ao próximo encontro.

--20 de Novembro: Día Universal da Infancia.

--25 de Novembro: Día Internacional contra a violencia de xénero.

. Recoller tapas moradas para diversas actividades.

. Facer no patio o deseño dun lazo grande no que colabore todo o alumnado.

--30 de Novembro ao 7 de Decembro: Conmemoración da constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.

--10 de Decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.  
--3 de Decembro. Día Internacional das persoas con Discapacidade.  
.Cara ao Nadal intentar que os xoguetes regalados non sexan de plástico.  
--Nadal. No Nadal, o alumnado poderá asistir a un espectáculo contratado polo centro, no que se poida tratar o tema do medioambiental.

### **SEGUNDO TRIMESTRE ( 2023 )**

--24 de xaneiro: Día Internacional da Educación.  
--30 de Xaneiro: Día Escolar da non Violencia e a Paz, adicado a dúas mulleres que simbolizan a loita polos dereitos das nenas e das mulleres: Nasrin Sotoudeh (avogada e activista pro dereitos humanos iraní) e Nadia Nadin ( unha das mulleres máis poderosas no deporte, e que se acaba de doutorar en medicina. Fala 11 idiomas)  
--21 de Febreiro: Día Internacional da Língua Materna.  
--23 de Febreiro: Día de Rosalía de Castro.  
--8 de Marzo: Día Internacional da Muller.  
.Espectáculo contratado polo centro, onde se trate o tema da igualdade, que podería ser tamén da compañía “Nós Mesmas”  
--15 de Marzo: Día Mundial dos Dereitos do consumidor.  
--Do 6 ao 10 de Marzo: Semana da Prensa:  
. Traballar un día con xornais.  
.Entre o 21 eo 23 de Marzo:( elixir un día): Día Mundial da Poesía, a Auga, e da árbore.  
  
*-- No día da Árbore, entregar una semente de algunha especie autóctonaa cada neno para que a plante; logo trasplantarána o día da árbore.*  
  
--7 de Abril: Día Mundial da Saúde.  
--15 de Abril: Salón do Libro.....

### **TERCEIRO TRIMESTRE**

--Entre o 17 ao 21 de Abril: Semana do libro.  
--2 de Maio: Día Internacional contra el Acoso Escolar.  
--9 de Maio: Día de Europa.  
-- *Do 15 ao 19 de Maio: Semana das Letras Galegas.*  
--18 de Maio: Día Internacional de los Museos. Día do Patrimonio: Preservación e Conservación do Patrimonio, Natural e Cultural.  
.Seguir cos roteiros e visitas pola cidade de Pontevedra.  
.Retomar e seguir ca actividade sobre o “Camiño de Santiago”: Seguir elaborando con material de reciclaxe distintas paisaxes e monumentos que nos atopamos ao longo do camino de Santiago.  
-- 21 de Maio: Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento.  
--Entre o 5 e o 8 de Xuño: Día Mundial do Medio Ambiente. Día Mundial dos Océanos.

### **OUTROS PROXECTOS**

--A Ruta do Olivo

	<p>--As línguas indíxenas</p> <p>OTRAS ACTIVIDADES NAS QUE SE VAI PARTICIPAR:</p> <p>--Encontro bianual das Escolas Unesco no Pazo de Cultura.</p> <p>--Teatro en Cangas, onde alumnos de diversos centros organizan e representan unhas mini obriñas e todo coordinado polos alumnos que pertencen ao grupo teatral desa escola.</p> <p>E unha actividade de convivencia moi enriquecedora para o alumnado.</p> <p>--Diversos concursos propostos pola Unesco e que teñen que ver cos obxectivos que se desenvolven neste programa.</p>
--	--

Plan/Proxecto: LEXCIT			
<b>Descrición do programa</b>	<p>LEXCIT é un programa que se implanta no centro no curso 2021-22 no noso centro promovido pola fundación LA CAIXA. Acolle ao alumnado de 4º, 5º e 6º de E.P. seleccionado polo profesorado porque precisa mellorar no campo da lectura en especial a que se refire ao galego.</p> <p>Desenvólvese os martes pola tarde na biblioteca do centro durante unha hora e as actividades corren a cargo de voluntarios.</p>		
<b>Obxectivos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Fomentar o gusto pola lectura</li> <li>2. Mellorar a técnica lectora</li> <li>3. Mellorar a comprensión lectora</li> </ol>		
<b>Cursos implicados</b>	<b>4º, 5º e 6º de E.P.</b>		
<b>Temporalización</b>	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>
<b>Indicador</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Grao de participación do alumnado</li> <li>2. Grao de participación do profesorado</li> <li>3. Realización das actividades propostas</li> <li>4. Mellora dos resultados académicos do alumnado participante.</li> </ol>		
<b>Responsables</b>	. DO e titores		
<b>Actividades</b>	Lectura libre entre as propostas polo alumnado participante e os voluntarios.		

Proxecto eTwinning:	
<b>Descrición do programa</b>	<p>Proxecto eTwinning: Arcimbardo "Healthy Art"</p> <p>Proxecto desenvolvido na ESEP (<b>European School Education Platform</b>) con escolas europeas e outras da contorna.</p> <p>Alumnado da escola Evangelische Gesamtschule "Philipp Melanchthon" en Lutherstadt Wittenberg, Alemaña. Participarán con profesorado de español como lingua estranxeira e profesorado de Arte.</p> <p>Alumnado e profesorado do CEIP Plurilingüe Froebel da nosa localidade tamén participará no Proxecto dende as clases de Plástica e outras materias de Primaria.</p>
<b>Obxectivos</b>	Fomentar hábitos saudables no alumnado.

	<p>Coñecer os froitos e vexetais autóctonos e apreciar o consumo de produtos de proximidade.</p> <p>Mellorar a competencia lingüística do alumnado.</p> <p>Facilitar a profesorado e alumnado novas ferramentas T.I.C para traballar de forma cooperativa.</p> <p>Valorar a creatividade do alumnado.</p> <p>Promover a internacionalización da escola a través da cooperación con outros centros europeos.</p>		
<b>Cursos implicados</b>	<b>4º, 5º e 6º de Primaria</b>		
<b>Temporalización</b>	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>
<b>Indicador</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Grao de participación do alumnado</li> <li>2. Grao de participación do profesorado</li> <li>3. Grao de participación da comunidade educativa</li> <li>4. Realización das actividades propostas</li> </ol>		
<b>Responsables</b>	<p>Coordinadora do equipo eTwinning, coa colaboración da embaixada galega eTwinning e demais equipos da escola: Biblioteca, UNESCO Dinamización da Língua Galega, TICS , Complementarias. Profesorado participante no Plan Proxecta Patrimonio:</p>		
<b>Actividades</b>	<p><b>PROPOSTAS PARA O PRIMEIRO TRIMESTRE</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-- Rexistro na plataforma ESEP/eTwinning do profesorado implicado.</li> <li>--Búsqueda de posibles socios na plataforma .</li> <li>--Elaboración de avatares para o perfil de alumnado en 5º e 6º de Primaria.</li> <li>-Elaboración de descrições nas distintas linguas traballadas no centro.</li> <li>-Actualización do perfil EDIXGAL de alumnado seguindo indicacións dadas nas sesións bilingües de Plástica en Inglés</li> <li>-- O alumnado de 4º de Primaria traballará o horto escolar dentro da Materia de Proxecto Competencial. Plantación de sementes de froitos autóctonos.</li> <li>-Coñecer a obra de Arcimboldo.</li> <li>-Realizar fotografías de froitos de temporada da contorna</li> <li>-Manexo de ferramentas de retoque dixital G.I..MP.</li> <li>-Manexo de ferramentas dixitais online para aprendizaxe cooperativo.</li> <li>-Rexistro de alumnado e ferramentas do twinspace do Proxecto rexistrando as actividades no Diario do Proxecto.</li> <li>-Videoconferencias e Intercambio de tarxetas de Nadal.</li> </ul> <p><b>PROPOSTAS PARA O SEGUNDO TRIMESTRE</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Colaborar no twinspace para organizar as tarefas utilizando Foros e chat.</li> <li>-Estudo dos menús do comedor da escola e análise de ingredientes.</li> <li>-Elaborar un libro de recetas tradicionais con produtos de temporada coa colaboración das familias.</li> <li>- Videoconferencias e intercambio de tarxetas de Primavera con composicións inspiradas na obra de Arcimboldo "Spring".</li> </ul> <p style="text-align: center;"><b>PROPOSTAS PARA O TERCEIRO TRIMESTRE</b></p>		

-Creación dun libro dixital no que se recollan as actividades do Proxecto. O alumnado elaborará as distintas seccións traballando en equipos internacionais de forma cooperativa.

Actualización da información/actividades realizadas na páxina da escola.

Difusión en prensa local.

Redactar a candidatura a selo de calidade do profesorado participante.

( pode xurdir algún cambio ou modificación ao longo dos trimestres que quedarán reflectidos nas actas correspondientes)

### **PROPOSTAS DE DATAS DE CELEBRACIÓNS E ACTIVIDADES:**

#### **PRIMEIRO TRIMESTRE:**

--24 de Outubro: Día das Bibliotecas Escolares.

--31 de outubro: Samain, Halloween

--25 de Novembro: Día Internacional contra a violencia de xénero.

--3 de Decembro. Día Internacional das persoas con Discapacidade.

--10 de Decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

--Nadal.

#### **SEGUNDO TRIMESTRE**

--24 de xaneiro: Día Internacional da Educación.

--30 de Xaneiro: Día Escolar da non Violencia e a Paz,

--21 de Febreiro: Día Internacional da Língua Materna.

--8 de Marzo: Día Internacional da Muller.

--15 de Marzo: Día Mundial dos Dereitos do consumidor.

--Do 6 ao 10 de Marzo: Semana da Prensa:

.Entre o 21 eo 23 de Marzodía da árbore.

--7 de Abril: *Día Mundial da Saúde.*

--15 de Abril: Salón do Libro.

.Libro xogo, xogo tradicional...

#### **TERCEIRO TRIMESTRE**

--Entre o 17 ao 21 de Abril: Semana do libro.

--2 de Maio: Día Internacional contra el Acoso Escolar.

--9 de Maio: Día de Europa.

-- *Do 15 ao 19 de Maio: Semana das Letras Galegas.*

--18 de Maio: Día Internacional de los Museos. Día do Patrimonio: Preservación e Conservación do Patrimonio, Natural e Cultural.

-- 21 de Maio: Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento.

--Entre o 5 e o 8 de Xuño: Día Mundial do Medio Ambiente. Día Mundial dos Océanos.

#### **OUTROS PROXECTOS**

As actividades terán formación no PLAN PROXECTA+ 2023/24-Programa Educación Patrimonial.modalidade Patrimonio cultural europeo en colaboración no programa eTwinning.

## 23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

- Protocolo para a solicitude.  
As solicitudes foron cursadas para a súa aprobación polo Claustro e o Consello Escolar que se vai celebrar o 4 de outubro de 2022

ENTIDADE	DÍAS SOLICITADOS (HORARIO)	INSTALACIÓN
ARXIL	LUNS (18:00-20:00) MARTES (19:00-22:00), XOVES (19:00-20:30) E VENRES (18:00-22:00)	XIMNASIO
ARXIL	LUNS (18:00-22:00), MARTES (17:00-21:00) E VENRES (17:00-21:00)	PISTA PATIO
FSV	LUNS (17:00-18:00) MÈRCORES (17:00-18:00)	PISTA PATIO
CEHEPO	LUNS (20:00-22:00), MARTES (18:00-19:00) E XOVES (18:00- 19:00/20:30-22:00)	XIMNASIO

## 24. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO	ALUMNADO
ROBÓTICA EDUCATIVA	LUNS	16:30 a 18:00	DE 6 A 12 ANOS
TALLER DE COCIÑA	XOVES	16:30 a 18:00	DE 3 A 12 ANOS
PINTURA	LUNS	16:30 a 18:00	DE 3 A 12 ANOS
BAILE MODERNO	MARTES	16:30 a 17:30	DE 3 A 12 ANOS
PATINAXE	XOVES	16:30 a 17:30	DE 5 A 12 ANOS
TEATRO	MARTES	16:30 a 17:30	DE 3 A 12 ANOS
PILATES	MARTES	21:00 A 21:50	DE 12 A 99 ANOS
GIMNASIA RÍTMICA	MÈRCORES	16:30 A 17:30	DE 3 A 12 ANOS
FUTBOL SALA	LUNS	16:30 a 17:30	DE 3 A 12 ANOS
TAEKWONDO	MÈRCORES	16:30 a 17:30	DE 3 A 12 ANOS
INGLÉS TRINITY	MÈRCORES	16:30 a 18:00	DE 6 A 12 ANOS
INGLÉS LÚDICO	MÈRCORES	16:30 a 17:30	DE 3 A 6 ANOS
MULTIDEPORTE	MARTES	16:30 a 17:30	DE 3 A 12 ANOS
TALLER CREATIVO	MARTES	16:30 a 18:00	DE 3 A 12 ANOS
MÚSICA EN MOVEMENTO	XOVES	16:30 a 17:30	DE 3 A 12 ANOS

## 25. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

A avaliación cómpre realizala analizando tres aspectos:

1. avaliación dos grupos. Nas sesión de avaliación os equipos de mestres analizaremos a marcha xeral dos diferentes grupos e trataranse os casos concretos que presentan algunha dificultade para establecer medidas como apoios, asistir a PT ou AL, participar



no programa PROA. Tamén se deben analizar as prácticas docentes que poden ser susceptibles de cambios co fin de acadar unha mellora na marcha dos grupos. Ademais nas reunións coas familias, tanto as que se realizan de xeito individual como as grupais tamén se informará do grupo clase. E finalmente, nas reunións que se poidan celebrar co responsable do departamento de orientación transmitirase a información pertinente para atender ao alumnado con necesidades.

2. Avaliación do centro. Poderemos facela a través das reunións de claustro, de Consello Escolar, da CCP e das que temos contempladas todos os martes de 16:30 a 17:00 h.
3. Avaliación das relacións coa comunidade educativa. Un dos obxectivos dos equipos creados no centro (e. De biblioteca, de activid. Complementarias, UNESCO, ETWINNING, ) é fomentar a apertura do centro cara o entorno. Gran parte das actividades que desenvolven teñen en conta este aspecto e a participación da comunidade educativa.

**PLAN ANUAL DE LECTURA**  
**C.E.I.P.MANUEL VIDAL PORTELA**  
**2023-2024**

## **SUMARIO**

**1.-INTRODUCCIÓN**

**2.-OBJECTIVOS**

**3.-ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS**

**4.-LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS**

**5.-SECCIONES**

**6.-RUTINAS DE LECTURA**

**7.-ITINERARIOS LECTORES**

**8.-RECURSOS HUMANOS**

**9.-ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS**

**10.-LER EN FAMILIA**

**11.-SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

## 1.-INTRODUCCIÓN

O noso Plan Anual de Lectura está enmarcado dentro do Proxecto Lector de centro que ten como finalidade:

- Traballar a lectura na escola como unha técnica que debe aprenderse e practicarse en todas as áreas curriculares
- Conseguir que os alumnos dominen esa ferramenta básica que é a lingua, para comprender o que escoitan e ler e para transmitir aquilo que queren dicir
- Animalos a ler a través dun percorrido por bos libros, de forma que consoliden un hábito lector que os acompañe ao longo da súa vida

A biblioteca do centro será sempre o principal recurso de referencia para todas as actuacións que pretendan a mellora das competencias de lectura, escritura e habilidades para o uso e produción de información, un lugar que ofrece oportunidades de aprendizaxe, de colaboración e convivencia, e que reforza todos e cada un dos programas e proxectos de centro.

## 2.-OBXECTIVOS

A lectura é un dos principais instrumentos de aprendizaxe, utilizado dentro e fóra da escola, sendo polo tanto unha actividade clave a desenvolver ao longo de toda a escolarización das nenas e nenos. Dominar a lectura abre as portas a novos coñecementos.

Por iso, o fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora serán impulsados, non solo dende a área de Linguas , senón a través das actividades específicas de todas as áreas".

Os obxectivos a partir dos cales formularemos as actividades deste Plan Anual son:

- Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de ocio e información, á vez que de enriquecemento persoal
- Usar os materiais da biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer
- Desenvolver estratexias para ler con fluidez e ton axeitados
- Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta
- Utilizar estratexias de comprensión lectora para obter información
- Ler e comentar (de forma oral ou por escrito), ao termo de cada ciclo de Ed. Primaria, polo menos oito libros, con diferentes tipos de textos de extensión variable, tanto por indicación do mestre coma por iniciativa propia

E ademais dentro do Proxecto anual da Biblioteca “**Historias de Cine**” temos como obxectivo específico:

- Fomentar no alumnado o interese polo cine e o seu desenvolvemento ao longo da historia facendo especial fincapé no proceso de creación en diferentes formatos.

## 3.-ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

Tal e como figura no Proxecto Lector de centro a proposta anual é dedicar como mínimo 30 minutos diarios especificamente á lectura en diferentes modalidades.

Este tempo de lectura levarase a cabo en todas as aulas de Ed. Primaria e ao mesmo tempo no seguinte horario: 12h a 12,30h.

Estará dirixido en cada aula pola mestra ou mestre que teña a 4ª hora. Se na cuarta hora ten clase un especialista será o especialista o encargado dese tempo de lectura.

As estratexias a levar a cabo para ler neses 30 minutos serán acordadas polos ciclos e dentro das lecturas incluíranse textos poéticos de xeito regular.

En Ed. Infantil, haberá sesións semanais en cada titoría segundo o seu horario dedicadas á “hora do conto”.

O obxectivo, en todo o centro, será animar ao alumnado á lectura polo pracer de ler, consolidando un hábito lector que lles acompañe ao longo da vida. Utilizar a lectura como fonte de lecer e non para obxectivos académicos e curriculares, aspecto xa traballado nas diferentes áreas.

Ademais utilizaremos, na medida do posible, outros espazos do centro, como biblioteca, patios, corredores cando se organicen actividades extraordinarias como apadriñamentos lectores, contacontos... en datas concretas para todo os niveis.

#### **4.-LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS**

En relación ao papel da biblioteca escolar no centro, un dos puntos clave deste Plan é unha explotación cada vez maior das posibilidades que esta nos brinda: "a biblioteca está organizada como un centro de recursos que utiliza diferentes tipos de soportes e ten como meta apoiar a aprendizaxe dende todas as áreas do currículo”.

A biblioteca de centro é o eixe vertebrador das accións que se emprendan dende o colexio para fomentar a lectura, ademais de ser un lugar ideal para a busca de información e de documentación. Dende o inicio de curso fomentamos o seu uso polo alumnado dos diferentes niveis, de xeito que tire proveito das posibilidades que lle ofrece: materiais diversos, oferta literaria axeitada á idade, espazo onde ler de xeito agradable...

Entre as prioridades propostas para este curso atopamos:

- Decoración do espazo da biblioteca e arredores coa temática do proxecto, sendo un lugar acoledor e de encontro co libro e outros materiais.
- Manter a biblioteca activa a través de:
  - Empréstimo de libros á biblioteca de aula para compartilos co alumnado por un período de tempo determinado a través de: itinerarios, mochilas viaxeiras, caixas de libros por aula e outras similares.
  - Planificación de actividades relacionadas coa lectura: obradoiros de lectura, exposicións, lecturas compartidas, contacontos... partindo do proxecto anual “Historias de Cine”
- Conservación dos recursos en bo estado, transmitindo ao alumnado unha actitude de respecto cara aos mesmos.
- Renovación e mantemento dos recursos tecnolóxicos e soportes dixitais existentes e/ou relacionados coa biblioteca (acceso a Internet, blog con recursos en rede, presenza de materiais electrónicos...), para permitir que o alumnado acceda e utilice as ferramentas presentes nas bibliotecas públicas e, en xeral, no mundo no que viven.
- Introducción do alumnado do 3º ciclo na organización e manexo da biblioteca.
- Colaboracións coa biblioteca pública.

#### **5.-SECCIÓNS**

Contamos cunha biblioteca de centro ben organizada e dotada de recursos suficientes e actualizados. Estes recursos están relacionados cos intereses de alumnado e profesorado e sempre se teñen en conta as súas suxestións á hora de facer novas adquisicións.

Tamén contamos con bibliotecas de aula que se nutren principalmente da biblioteca do centro e das achegas das familias. As bibliotecas de aula xestionan o seu préstamo de xeito autónomo.

## **6.-RUTINAS DE LECTURA**

A práctica habitual da lectura, segundo as características de cada nivel e/ou ciclo, supón unha aproximación ao hábito lector en diferentes soportes e o desenvolvemento da comprensión lectora ao longo da escolaridade, fundamental para acceder a calquera área do coñecemento. Son dous aspectos interdependentes: canto máis se le, máis aumenta a capacidade de comprender o que se le.

Sen un bo nivel de comprensión lectora, é imposible entender e resolver un problema de Matemáticas ou unha pregunta sobre Coñecemento do Medio. De aí a necesidade de reforzar dende os primeiros niveis esta ferramenta que é a lectura.

Na etapa de Ed. Infantil o alumnado aproxímase á lingua escrita de xeito lúdico recoñecendo os elementos gráficos propios da linguaxe escrita.

Nas propostas de actividades en aula, teremos en conta textos escritos en diferentes soportes e outros símbolos presentes na contorna.

Na etapa de Ed. Primaria o alumnado accede á lingua escrita, é dicir, á lectura e á escritura e durante os tres ciclos progresa na súa adquisición para acceder a calquera tipo de texto.

Ao longo da Educación Primaria para organizar o traballo en aula teremos en conta a planificación do tipo de traballo e da lectura en tres pasos: antes da lectura, durante a lectura e despois da lectura.

O traballo estará organizado atendendo ás características e necesidades de cada ciclo.

### **A) Educación Infantil**

Promoverase unha aproximación á linguaxe escrita como actividade no que facer cotián da aula, como inicio dun proceso que deberá consolidarse na educación primaria.

As bibliotecas xogarán un papel relevante como espazos onde se poñan en xogo as ideas infantís sobre o porque e o para que da linguaxe escrita, así como lugar de achegamento a unha literatura infantil de calidade. Organizaremos actividades relacionadas con:

- \*Identificación dos elementos utilizados no código escrito.
- \*Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráficas.
- \*Produción e interpretación de mensaxes escritos en diferentes soportes.
- \*Creación de textos en diferentes soportes.
- \*Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e a escritura.

### **B) Primeiro ciclo**

A selección de libros para ler na aula debe estar acorde con distintos obxectivos: informar sobre un tema, complementar o contido da área, deleitar a través de textos de ficción,... ofrecendo ao alumnado contidos que sexan do seu interese. Organizaremos actividades relacionadas con:

- \* Progreso na adquisición da linguaxe escrita e nos procesos implicados na lectura.
- \* Exercitación a memoria.
- \* Reforzo da ortografía. Utilización das palabras do texto para que vaian interiorizando ademais as regras ortográficas que aprenden no libro de texto.
- \* Reforzo da capacidade de resumo ou síntese.
- \* Realización de exposicións.
- \* Creación de personaxes e contos onde a fantasía sexa un elemento primordial
- \* Ilustración de diferentes tipos de texto facendo especial fincapé nos textos poéticos.
- \* Fomento do uso da biblioteca de aula e de centro.

#### C) Segundo ciclo

A selección de libros neste ciclo debe responder á pregunta ¿para que lemos? É dicir, trátase de buscar unha finalidade, un obxectivo. Ademais, debe ofrecerse ao alumnado textos con temática axeitada aos intereses propios da súa idade. Organizaremos actividades tipo:

- \* Exercitación da habilidade visual e da memoria
- \* Gramaticais e de ortografía
- \* Actividades de resumo ou síntese.
- \* Exposicións. É importante que os alumnos expoñan ese traballo á clase, como un xeito de asentir o coñecemento adquirido e recordar o que leron.
- \* Obradoiros: Prensa, contos fantásticos, Poesía...
- \* Uso da biblioteca de xeito regular para a realización de traballos, busca de información e lugar de desfrute coa lectura individual ou colectiva entre outras actividades.

#### D) Terceiro ciclo

Na selección das lecturas é importante, como nos ciclos anteriores, saber que pretendemos conseguir co texto. Neste ciclo, o alumnado pode acceder a textos máis longos e complexos, o que permite unha maior diversificación do obxectivo perseguido na sesión de lectura. Por outro lado, debe elixirse un maior número de xéneros, que se adapten ás demandas do alumnado deste último ciclo.

As actividades propostas irán encamiñadas a conseguir unha análise máis profunda e completa dos textos (do nivel fónico, sintáctico e semántico) e un manexo máis amplo da escritura a través dos diversos tipos de texto.

Organizaremos actividades que nos leven a:

- \* Establecer a estrutura básica do texto.
- \* Resumir textos de xeito que se lles pida que elixan un título para cada parágrafo.
- \* Realizar esquemas sinxelos dun texto partindo de modelos feitos
- \* Escribir textos diversos: expositivos, narrativos, descritivos, poéticos, teatrais... partindo da súa estrutura, dada polo profesor, e dun esquema de traballo.
- \* Realizar obradoiros de prensa, contos e relatos de fantasía e Poesía.

\* Usar a biblioteca de xeito regular como lugar de traballo e/ou desfrute e participar voluntariamente na xestión da mesma.

A hora de programar as actividades ao longo do curso é preciso formular propostas axeitadas e concretas para o alumnado con necesidades específicas de atención educativa e para o alumnado con baixo nivel de expresión e comprensión . Estes seguirán o ritmo da clase na medida do posible e atenderanse as súas necesidades dun modo personalizado.

Algunhas das actividades propostas serán realizadas de xeito sistemático na hora da lectura en función da programación de aula.

As actividades de ilustración, exposicións, obradoiros ou contacontos poden realizarse como actividades de lectura compartida. Ao longo do curso realizaremos apadriñamentos lectores entre os diferentes niveis que aproveitaremos como motores impulsores destas actividades.

## **7.-ITINERARIOS LECTORES**

Nos “Itinerarios Lectores”, elaborados para Ed. Primaria, procuramos títulos axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade e en función dos obxectivos recollidos no Proxecto Lector de Centro. Tendo ademais en conta as listas de recomendacións da Rede de Bibliotecas Escolares de Galicia, son libros “que non queremos que se perda o noso alumnado”.

Esta actividade realizarase durante todo o curso escolar coa colaboración de todo o profesorado. As listaxes serán renovadas introducindo novidades dentro dos fondos conseguidos pola biblioteca e tendo en conta as aportacións do profesorado.

Todo o alumnado terá que:

- Ler cada curso a lo menos un libro en castelán e outro en galego (entre os sinalados no itinerario para cada nivel).
- Traballar sobre unha obra poética dentro do grupo-clase.

Os textos de literatura galega e castelán poden ser levados en préstamo a casa co límite de tempo que cada titor/titora considere oportunos. Os libros de poesía son para traballar en aula, dedicándolles na hora de ler a lo menos unha sesión ao mes.

As lecturas seleccionadas para cada nivel aparecen nesta orde:

- 1- Poesía / 2- Literatura Galega /3- Literatura Castelán



## ITINERARIOS LECTORES

1º	TÍTULO	AUTOR	EDITORIAL
1	O Pirata Metepata	Toño Núñez	Baía
	As catro estacións	Antonio García Teijeiro	Galaxia
2	A árbore da escola	Antonio Sandoval	Kalandraka
3	La abeja de más	Andrés Pi Andreu	Takatuka
2º	TÍTULO	AUTOR	EDITORIAL
1	Acuario	María Canosa	Embora
	Dez piratas	Gloria Sánchez	Oqueleo
2	Artur e Clementina	Adela Turín	Kalandraka
3	El jardín Curioso	Peter Brown	Takatuka
3º	TÍTULO	AUTOR	EDITORIAL
1	Almanaque musical	Antonio Rubio	Kalandraka
	Quique na aldea	Xosé Neira Vilas	Bolanda
2	O home de auga	Ivo Rosati	Kalandraka
3	Hilos de colores	Elena Ferrándiz	Ed. Legua

4º	TÍTULO	AUTOR	EDITORIAL
1	Eu conto, ti cantas	Mª Victoria Moreno	Xerais
	Poemar o mar	Antonio García Teijeiro	Xerais
2	Corazón de Pedra	Agustín Fernández Paz	Oxford
3	El color de la arena	Elena O'Callaghan	Edelvives
5º	TÍTULO	AUTOR	EDITORIAL
1	Poemas birrollos para ler cos ollos	Fran Alonso	Xerais
	O baúl de Domingos Quintas	Xoan Babarro	Hércules
2	Smara	P. Carballeira	Kalandraka

3	Llárame Paula Palabras de caramelo	Concepción Rodríguez Gonzalo Moure	Bellaterra Anaya
<b>6º</b>	<b>TÍTULO</b>	<b>AUTOR</b>	<b>EDITORIAL</b>
1	O meu gato é un poeta Historias e algún percance todas ditas en romance	Fran Alonso Antón Cortizas	Xerais Galaxia
2	Un misterio na mochila de Alba As peripecias de Extravaganza Pérez	Fina Casalderrey Leticia Costas	Oxford Xerais
3	Matilda Ojo de nube	Roald Dalh Ricardo Gómez	Alfaguara SM

## 8.-RECURSOS HUMANOS

Os recursos humanos que interveñen nas actividades de fomento da lectura serán de xeito ordinario o profesorado do centro e o alumnado dos cursos superiores de educación primaria.

De xeito extraordinario e ao longo do curso contaremos, na medida do posible, con autores, contacontos profesionais, ilustradores e membros das familias da comunidade educativa aos que invitaremos a participar en diferentes actividades.

## 9.-ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS

Neste curso a biblioteca do centro propón traballar arredor do cine e o seu desenvolvemento ao longo dos anos en base ao Proxecto titulado "Historias de Cine". Con este punto de partida, traballaremos na creación de curtas partindo de historias coñecidas ou creadas polo alumnado na que traballarán todos os niveis de Infantil e Primaria.

Pretendemos ademais, partindo de proxeccións diversas, dar a coñecer diferentes iniciativas nas que sexan promovidos importantes valores como a colaboración, empatía, respecto pola diversidade, o coidado do medio ambiente e todos aqueles que fomenten a creación dunha sociedade máis inclusiva.

Iniciaremos o proxecto, "**Historias de Cine**", identificando, en primeiro lugar, as ideas previas arredor do tema proposto e de como podemos levalo adiante.

Seguiremos coa formulación de preguntas como:

- Fuches algunha vez ao cine? Cal foi a primeira película que recordas ter visto? Coñeces algunha actriz ou actor da nosa Comunidade? ...

E partindo destas premisas, desenvolveremos o traballo ao longo do curso da seguinte maneira:

### 1º trimestre

O traballo centrarase principalmente en actividades de presentación e motivación cara o proxecto, visionado de documentais, curtas e outros materiais relacionados.

Partindo dunha proposta inicial, investigaremos arredor do nacemento do cine e as persoas que tiveron unha incidencia especial no seu desenvolvemento ao longo dos anos. Faremos fincapé nas diferenzas

entre o Cine nos seus inicios (cine mudo, blanco-negro...) e as producións na actualidade e nos diferentes aspectos do proceso de creación. Cada nivel/ciclo elixirá en que aspectos quere afondar e como facelo.

De xeito paralelo, traballaremos arredor de textos literarios coñecidos que foron levados á gran pantalla e a importancia desas historias escritas e dun guión axeitado para acadar o produto final.

Aproveitaremos tamén para presentar ao alumnado novo a mascota, PIQUÍN, e recordar a todas e todos que na biblioteca Piquín ten a súa Caixa de Correo onde poden deixar suxestións de lecturas, actividades e todo tipo de comunicacións ou que tamén poden facelo no blog da biblioteca.

Partindo dos fondos documentais existentes faremos unha proposta de recursos en diferentes formatos, tanto físicos como dixitais, e procederase a adquisición ou elaboración de outros novos, sendo un dos soportes principais para o desenvolvemento do traballo. Faremos exposicións dos mesmos, listaxes e notificarase por medio de carteis, invitacións, blog ou aqueles medios que se consideren.

Os recursos seleccionados para traballar on-line iranse recollendo no blog da biblioteca (Bibliopiquín) e na páxina de recurso elaborada para o proxecto.

## **2º trimestre**

O alumnado centrará a maior parte dos seus esforzos en procesos de investigación, experimentación, manipulación e creación. Ademais faremos clasificacións poñendo de relevo a importancia do cine social e dando a coñecer aquelas creacións que promovan valores relacionados co respecto pola diversidade e a inclusión social.

A función do profesorado será a de supervisar o traballo e orientar na busca de novas informacións, e na clasificación, elaboración, análise e estruturación dos novos coñecementos. Procuraremos a familiarización do alumnado cos diferentes mecanismos de busca da información.

Para o desenvolvemento nesta fase proporemos actividades murais, esquemas, elaboración de textos, ilustracións, creación de guións e gravacións de imaxes e audios.

Insistiremos con eles no uso das TICS para a elaboración dos diferentes documentos.

## **3º trimestre,**

Partindo da utilización de diferentes formatos, físicos ou dixitais, tentaremos deseñar novas actuacións cara a recompilación dos coñecementos adquiridos e os traballos realizados a través de exposicións, postas en común, creación de vídeos ou outros xeitos de compartilo. Para rematar o curso faremos unha sesión de cine para todo o centro coa elaboración de carteis das películas a proxectar, venta de tickets, flocos de millo...

En todo o proceso a biblioteca irá seleccionando, renovando, reorganizando e ampliando os recursos en función das demandas do profesorado e alumnado. Procuraremos recursos en diferentes soportes que consideremos axeitados ás diferentes idades e ao desenvolvemento do Proxecto anual. Valoraremos a importancia de traballar en equipo, na medida do posible, para acadar resultados satisfactorios para todos e todas.

Como outras actividades ao longo do curso teremos: obradoiros, exposicións, concursos, celebracións (Día da Biblioteca Escolar, Día da Paz, Día de Rosalía, 8 de Marzo, Semana da prensa, Salón do Libro, Día do Libro Infantil, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Día do Medio Ambiente...), posta en marcha de mochilas viaxeiras, formación de usuarios...

## **10.-LER EN FAMILIA**

As familias son fundamentais para a adquisición por parte do alumnado do hábito lector, a nosa campaña de fomento da lectura insiste na "familia como primeiro núcleo xerador de hábitos, entre eles a lectura".

É importante:

- Reunir de forma periódica ás familias para mantelas informadas das actividades do centro en relación coa lectura e cos progresos dos seus fillos.
- Elaborar folletos e guías de lectura nos que se propoña bibliografía axeitada ás diferentes idades.
- Implicalas en actividades de lectura partindo do préstamo de libros ou as mochilas viaxeiras, de forma que se convertan en partícipes das accións ideadas dende o centro.
- Invitalas a participar en actividades de contacontos e/ou outras organizadas polo centro.

## **11.-SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

Haberá reunións periódicas do equipo da biblioteca para:

- revisar o Plan Anual de Lectura e facer as achegas precisas para mellorar os resultados.
- analizar as necesidades dos diferentes ciclos e suxerir lecturas relacionadas cos contidos do Plan e/ou o desenvolvemento do Proxecto anual

Ademais, detallaranse as necesidades materiais que demanda a posta en práctica do Plan: espazos na aula, na biblioteca de centro, literatura infantil e xuvenil cos que se nutrirá o fondo da biblioteca e materiais audiovisuais informativos de calidade.

Dentro do proceso avaliativo distinguimos tres momentos:

- Avaliación inicial: na que temos en conta o nivel lector en cada aula e as necesidades que os titores-as expoñen

-Avaliación continua: realizada nas reunións periódicas do equipo de biblioteca e onde se analizan as necesidades e demandas dos distintos ciclos e se propoñen as melloras a realizar.

- Avaliación final: onde se valora o resultado do Plan Anual partindo de enquisas ao profesorado e alumnado sobre as actividades realizadas e o seu funcionamento e utilidade.